

SEMANA DO 14 AO 19 DE ABRIL

Esta semana propoñémosvos dos retos.

Un consiste en facer un tarro da felicidade, posto que consideramos que cando vemos o lado positivo das cousas, todo se leva mellor.

O outro, xa que esta semana santa a pasamos sen poder saír nin viaxar, vamos a trasladarnos a outra parte do mundo.

Tamén incluimos ao final deste documento o cálculo correspondente a esta semana.

RETO 1: TARRO DA FELICIDADE

O tarro da felicidade funciona da seguinte maneira:



1º Escolledes un tarro/bote con tapa e poñédeslle de título: **tarro da felicidade.**

2º Recortades anacos de papel de cores, papel reciclado ... calquera que vos permita escribir unha frase.

3º Cada noite antes de ir durmir ou cear pensades no momento do día que vos fixo sentir máis felices e escribídelo no papeliño. Ten que ser unha frase pequena e curta (non máis de 10 palabras).

4º Pola parte de atrás poñédeslle a data, dobrádelo e metédelo dentro do tarro da felicidade.

Podedes facelo en familia, que cada persoa meta un papeliño, elixir un momento entre toda a familia, cun irmán, individualmente... vós elixides como o facedes.

5º Cando teñades un mal día podedes recordar eses pequenos momentos que vos fixeron sentir tan felices.

6º Cando voltemos ao colexio cada quen pode traer o seu frasco e compartiremos eses momentos.



RETO 2: Viaxamos por...

Neste caso tendes que escoller un país, cidade, rexión... a onde vos gustaría viaxar e cubrir os datos que se vos piden. Trátase dun traballo de busca, podedes consultar libros, internet, revistas de viaxes... Vai ser un traballo para entregar, coidade a presentación, pintádeo e procurade escribilo con boa letra.

Unha vez feito enviádeo aos nosos correos. Subirémolo ao blog para que poidades ver os traballos dos vosos compañeiros.



Viaxamos por...

Debuxo do lugar

Datos:

- País:
- Lugar:
- Idioma:
- Nº de habitantes:
- Cidades veciñas:



Bandeira

Festas e tradicións



Comida tradicional



Lugares para visitar



Persoas famosas



Datos interesantes

CÁLCULO SEMANAL

MARTES 14	MIÉRCOLES 15	JUEVES 16	VIERNES 17
$68542 + 1546 + 2545$	$25112 + 68 + 254$	$45645 + 645 + 36$	$258 + 54214 + 457$
$53432 - 3645$	$78645 - 6436$	$3435 - 642$	$683583 - 35423$
36584×32	35843×68	78945×74	69453×59
$58:6$ $85:9$ $32:4$	$66:8$ $24:5$ $63:7$	$22:5$ $47:6$ $33:4$	$50:6$ $74:8$ $60:7$
Martín compró 3 cajas de clips, cada caja tenía 120 clips. Regaló a su amiga Silvia 45 clips. ¿Cuántos clips le quedan a Martín?	Javier tiene 14 muñecos azules y el doble de muñecos amarillos. ¿Cuántos muñecos amarillos tiene más que azules? ¿Cuántos muñecos tiene en total?	En un zoo hay 143 mamíferos, 532 aves y 97 reptiles menos que aves. ¿Cuántos reptiles hay en el zoo? ¿Cuántos animales hay en total?	Hoy en la pastelería David ha hecho 12 tartas de manzana, 6 de fresa y 9 de frutas. Las ha colocado repartidas en 4 estanterías. ¿Cuántas tartas ha colocado en cada estantería?